



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. A/ S/ C64-15

**ANUNCIO**

**ASTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA O ARRENDAMENTO DUN BEN INMOBLE (LOCAL DE OFICINAS) POR CONCURSO PÚBLICO PARA DESTINALO A OFICINA MUNICIPAL**

O Pleno da corporación municipal, na súa sesión ordinaria correspondente ao mes de marzo, celebrada o pasado día 7 de marzo de 2016, acordou o seguinte:

*1º Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:*

<b>IDENTIDADE</b>	<b>RESULTADO</b>
ABANCA CORPORACION BANCARIA SA.CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez. DNI. 36040513-L	ADMITIDA

*2º.- Adxudicar a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, CIF. A70302039, e domicilio social en Cant. Claudino Pita 2 15300 Betanzos ( A CORUÑA) o contrato de arrendamento dun ben inmovle ( local de oficinas) para destinalo a oficina municipal sito en Eduardo Vincenti nº 28 Bueu e con referencia catastral 7861415NG1876S0002MU por un importe de 500 euros/ mes ( sen iva) sendo o IVE do 21% ( 105 euros) o que fai un importe total de 605 euros/ mes ( iva engadido).*

*O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (RE núm.9023 de 30.10.2015 ), as procedimentais que resulten da normativa de aplicación, e ao cumprimento das seguintes obrigas específicas:*

*- As que resulten do TRLCSP e RGCE*

*- As que resulten dos PCAP e PPT.*

*E particularmente as seguintes:*

*- As previstas na cláusula 16 dos PCAP "Obrigas do arrendador"*

*- Consonte a cláusula 13 dos PCAP o contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro dos 5 días hábiles seguintes ao da notificación da adxudicación. Constitúe requisito previo á formalización que polo concello, como arrendatario, depositase a fianza polo importe previsto na cláusula 5ª dos PCAP. A falta de formalización do contrato por causas imputables ao contratista constituirá un incumprimento do contratista que dará lugar a obriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación.*

*En calquera caso, non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.*

*- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula II dos PCAP: "Duración do contrato" O prazo contractual se establece en ( 5) anos, sesenta ( 60) mensualidades, contados a partir do primeiro día do mes seguinte á data de formalización do contrato privado de arrendamento en documento administrativo. O arrendatario terá dereito á resolución do contrato ao vencemento de cada anualidade, mediante notificación ao arrendador de xeito fehaciente cunha antelación mínima de tres meses, da súa vontade de resolvelo ao termo de cada anualidade.*

*3º.- Dispor o gasto correspondente ao arrendamento adxudicado pola anualidade de 2016 polo importe de 6.050 euros € , IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 231.20200.01 dos vixentes orzamentos do concello.(...)"*

O que se publica en cumprimento do ordeado polo Pleno da corporación municipal e de acordo cos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público.

Bueu, a 10 de marzo de 2016

O alcalde, Félix Juncal Novas